

**ACORDO do 7 de xullo de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) (PIA) do proxecto do parque eólico O Vao, nos concellos de Outes e Mazaricos (A Coruña) (expediente IN408A 2020/028). DOG Núm. 136, de 18 de xullo de 2022. **Prazo para remitir achegas/opiniós: 19/07/2022 - 31/08/2022****

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220718/AnuncioV0653-080722-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220718/AnuncioV0653-080722-0001_gl.html)

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico O Vao (número de expediente: IN408A 2020/028)	Green Capital Development XXIV, S.L.U. CIF: B88472741	Outes e Mazaricos na provincia da Coruña	<ul style="list-style-type: none"> <li>– 7 aeroxeradores modelo SG145 HH127,5 ou similar, de 4,5 MW de potencia unitaria, cunha altura de buxa de 127,5 m e un diámetro de rotor de 145 m.</li> <li>– 7 centros de transformación tipo seco, situados un no interior de cada aeroxerador, de potencia unitaria 5.350 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV, coas súas correspondentes celas de protección e manobra.</li> <li>– Rede colectora de 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e o centro de seccionamento 30 kV O Vao, composta por dous circuítos condutores tipo RHZ1-2OL 18/30 kV de seccións 95, 150, 400, 630 mm<sup>2</sup> de aluminio.</li> <li>– Rede de terras xeral, de modo que se consiga unha superficie equipotencial en todo o parque, interconectarán aeroxeradores e o centro de seccionamento O Vao, con cable de Cu de 50 mm<sup>2</sup>, instalado na mesma gabiá que os cables de MT. A conexión de posta á terra da torre meteorolóxica realizarase con cable de Cu de 50 mm<sup>2</sup>, tendido na mesma gabiá de distribución que o circuítu de BT.</li> <li>– Rede de comunicacións constituída por condutor de fibra óptica.</li> <li>– Torre meteorolóxica de 127,5 m.</li> <li>– O edificio do centro de seccionamento de 30 kV dispón de salas independentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sala de protección e control, onde se sitúan proteccións, contadores de medida e armario rectificador de corrente.</li> </ul> </li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sala onde se sitúa o transformador de servizos auxiliares 30/0,4 kV para alimentar os servizos propios do centro de seccionamento.</li> <li>• Sala de celas de MT onde se sitúan as saídas das liñas 1 e 2, as liñas do PE, o transformador de SSAA e a cela de medida.</li> </ul> <p>Os cables illados no nivel de 30 kV serán RHZ1-OL 18/30 kV de sección de 150 mm<sup>2</sup> de aluminio. A configuración no nivel de 30 kV será de simple barra. Para a montaxe de todos os elementos considéranse estruturas metálicas de dimensións adecuadas.</p> <p>– A enerxía xerada polo parque eólico do Vao evacuarase a través dunha liña de media tensión subterránea, con orixe en centro de seccionamento do parque e final na sala de celas da subestación do parque eólico de Maragouto (IN408A 2017/21), onde se elevará a tensión de 30 kV a 132 kV. A enerxía xerada polo clúster será transportada mediante a denominada «solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Maragouto e Banzas (IN408A 2020/144), consistente nunha LAT 132 kV, con orixe na subestación do parque eólico de Maragouto (IN408A 2017/21), ata a subestación de Banzas, e desta ata a subestación colectora de Lousame 132/220 kV, e desde ela a través dunha LAAT 220 kV conectarase á SET Lousame 220 de Red Eléctrica de España, S.A.U. (IN407A 2009/471/1). Tanto os proxectos de liñas como os dos parques do clúster son obxecto de proxecto independente e atópanse todos eles en fase de tramitación.</p> <p>– A liña de evacuación subterránea de 30 kV que conecta o centro de seccionamento do parque O Vao coa subestación do parque eólico Maragouto será unha liña de 1.951 m de dobre circuito, utilizaranse cables de 18/30 kV con condutor de aluminio de 630 mm<sup>2</sup> e illamento XLPE</p>
--	--	--	--

Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial das instalacións.

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (maio 2022-visado o 19.5.2022).

2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (febreiro 2022-asinado o 21.2.2022).

3. O proxecto sectorial (marzo 2022-visado o 22.3.2022).